



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

BASES PARA A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DO 2018

TÍTULO I.- NORMAS XERAIS.

CAPÍTULO ÚNICO.- NATUREZA DAS BASES E ÁMBITO DE APLICACIÓN

BASE 1ª.- NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS

A aprobación, execución e liquidación do Presuposto Xeral, así como o desenvolvemento da xestión económica e da fiscalización da mesma, levarase a cabo mediante o cumprimento das normas legais, regulamentarias e demais disposición de carácter xeral que regulan a actividades económica das Corporacións Locais, e polas presentes BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO, redactadas en virtude do disposto no artigo 165.1.b) do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e no artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

BASE 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Conforme ao establecido no artigo 9.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, estas bases só estarán en vigor durante a vixencia do presuposto xeral correspondente ao exercicio do 2018 e, no seu caso, durante a prórroga do mesmo.

BASE 3ª.-INTERPRETACIÓN.

A Alcaldía resolverá tódalas dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas bases, tralo informe previo de Secretaría e de Intervención.

TÍTULO II.- O ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2018 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS.

CAPÍTULO 1º.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

BASE 4ª.- ESTRUCTURA ORZAMENTARIA

Para a confección do presuposto aplicaranse as estruturas funcional e económica aprobadas pola Orde do 3 de decembro de 2008 do Ministerio de Economía e Facenda.

Os créditos incluídos no estado de gastos preséntanse co seguinte detalle:

- a) Clasificación por programas, con tres niveis de desagregación: área de gasto, política de gasto e grupo de programa.
- b) Clasificación económica, con cinco niveis de desagregación: capítulo, artigo, concepto, subconcepto e partida.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

A aplicación orzamentaria, a expresión da cal cifrada constitúe o crédito presupostario, vén definida pola conxunción das dúas clasificacións citadas.

O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación presupostaria antes definida.

De acordo coa consulta 8/95 de xullo da Intervención Xeral do Estado, dentro do Estado de Gastos, entenderanse abertos con cero euros aqueles conceptos ou grupos de programa que aparecendo desenvolvidos nos anexos da Orde do Ministerio de Economía e Facenda que aproba a estrutura presupostaria, e nos que, sendo precisa a imputación dun gasto e contando con crédito dispoñible no nivel de vinculación xurídica, non aparecese de forma expresa no Estado de Gastos do Presuposto Municipal. Tamén entenderanse abertas con cero euros as aplicacións cos conceptos dos capítulos de investimentos reais que aínda que non teñan crédito dispoñible na vinculación xurídica e vaian a ser financiados en todo ou parte por un convenio ou subvención.

Así mesmo, dentro do Estado de Ingresos entenderanse abertos con cero euros aqueles subconceptos desenvolvidos nos devanditos anexos e nos que, sendo precisa a imputación dun ingreso, non apareceran de forma expresa no Estado de Ingresos do presuposto municipal.

CAPÍTULO 2º.- OS CRÉDITOS E AS PREVISIÓNS INICIAIS E A PRÓRROGA DO ORZAMENTO.

BASE 5ª.- DOCUMENTACIÓN ORZAMENTARIA.

O expediente formado para a tramitación do presuposto xeral conterá a seguinte documentación (art. 168.1 do RD Lex. 2/2004):

- Memoria da Alcaldía.
- Informe de Intervención.
- Informe económico-financeiro.
- Estado de ingresos e gastos.
- Anexo de persoal.
- Anexo de Investimentos.
- Anexo de estado de previsión de movementos e situación da débeda (art. 166.1.d. do RD Lex. 2/2004).

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

- Liquidación do presuposto do exercicio anterior e avance do ano actual.

BASE 6ª.- CRÉDITOS E PREVISIÓNS INICIAIS.

Para a execución dos programas integrados no ESTADO DE GASTOS do presuposto xeral, apróbanse os créditos precisos para facer fronte aos gastos que se prevén realizar no exercicio.

No ESTADO DE INGRESOS recóllense as estimacións das obrigas que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario.

BASE 7ª.- PRÓRROGA DO PRESUPOSTO XERAL.

Se ao iniciarse o exercicio económico 2019 non entrase en vigor o orzamento xeral correspondente ao devandito exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o orzamento do ano 2018 ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos destinados a servicios ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, foran percibirse no devandito exercicio.

A determinación das correspondentes aplicacións do orzamento xeral que non son susceptibles de prórroga por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será establecida mediante resolución motivada da Alcaldía e tralo informe previo de Intervención. Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real Decreto 500/1990. Delégase na Alcaldía a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do presuposto prorrogado ás previsións consideradas no proxecto do presuposto xeral pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia da prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas na vixente lexislación.

Aprobado o orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia dos presuposto prorrogado.

BASE 8ª.- MODIFICACIÓNS REALIZADAS NO ORZAMENTO PRORROGADO.

En virtude do establecido no artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, coa aprobación das vixentes bases, as modificacións orzamentarias no orzamento prorrogado do ano anterior

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

que se indican a continuación, cando sexan efectuadas antes da formación do expediente do novo orzamento ou estean incluídas nos seus créditos e previsións iniciais, quedarán anuladas:

- Transferencias de crédito.
- Xeración de crédito por ingreso
- Créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de outras partidas do Orzamento.
- Suplementos de crédito financiados con baixas por anulación de outras partidas do Orzamento.

As demais modificacións entenderanse efectuadas sobre o Orzamento definitivo.

CAPITULO 3º.- RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS.

BASE 9ª.- NORMAS XERAIS.

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal sexan autorizados non orzamento xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante, non poden adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe destes coa consecuencia da nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións ou actos administrativos que infrinxan a devandita limitación, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do RDLex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e 25.2 do RD 500/1990 que a desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas non parágrafo anterior deberá verificarse ao nivel de vinculación xurídica que se sinala na seguinte base.

Con cargo aos créditos do estado de gastos só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio presupostario. Non obstante, aplicaranse aos créditos do presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a prol do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao presuposto xeral.
- b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real Decreto 500/1990 requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 relativas ao recoñecemento extraxudicial de créditos.

Cando, como consecuencia das modificacións de crédito previstas nestas Bases de Execución se produza unha modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento, ésta seguirá os mesmos trámites e será aprobada polo mesmo órgano que sexa competente para a aprobación do expediente de modificación de crédito.

BASE 10ª.- NIVEL DE VINCULACIÓN XURÍDICA DOS CRÉDITOS.

O nivel de vinculación xurídica dos créditos do presuposto xeral será o seguinte:

- Clasificación funcional: área de gasto.
- Clasificación económica: capítulo.

En todo caso a vinculación xurídica dos créditos debe respectar o carácter finalista, e no seu caso, vinculante dos gastos con financiamento afectado, así como a prioridade dos gastos obrigatorios e demais compromisos esixibles ao Concello de Malpica de Bergantiños. Son excepcións, polo tanto, a nivel de vinculación establecido no apartado 1 desta Base:

- Os créditos ampliáveis que serán vinculantes ao nivel de clasificación económica na que se estableza a ampliación.
- Os créditos para gastos con financiamento afectado , que serán vinculantes ao nivel de desagregación con que se atopen consignados.

BASE 11ª.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do presuposto xeral ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, artigos 35 a 38 do Decreto 500/1990 do 20 de abril e ás consideradas nesta base.

Cando deba realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado no orzamento da concello, o Alcalde ordenará a tramitación dos seguintes expedientes:

- a) De concesión de crédito extraordinario.
- b) De suplemento de crédito; ou de ámbalas cousas á vez.

Estes expedientes poderán financiarse:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

- Con cargo ao remanente líquido de Tesourería, calculado de conformidade co establecido nos artigos 101 a 104 do Real Decreto 500/1990.
- Con novos ingresos non previstos.
- Con maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento.
- Mediante anulacións ou baixas de créditos de outras partidas do orzamento vixente non comprometido, do que as dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servicio.

- Mediante operación de crédito, nas condicións establecidas no artigo 177.5 TRLFL.

Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito para gastos de inversión poderán financiarse, ademais de cos recursos indicados no apartado anterior cos procedentes de operacións de crédito.

Tramitación dos expedientes:

- Proposta do Concelleiro Delegado da Área correspondente ou Alcaldía, na que se detallará o carácter específico e concreto do gastos a realizar, o tipo de modificación a realizar, o carácter inaprazable ata o exercicio seguinte do gasto e os medios de financiación da modificación orzamentaria.

- Informe de Intervención.

- Aprobación inicial polo Pleno.

- Exposición pública do expediente por prazo de quince días hábiles, logo do anuncio previo no Boletín Oficial da Provincia.

- Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de térense presentado reclamación, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.

- Publicación do orzamento resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, incluíndo a /s modificación/s definitivamente aprobada/s.

- Ao mesmo tempo do envío do anuncio de publicación indicado no apartado anterior, remitirase unha copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

BASE 12ª.-CRÉDITOS AMPLIABLES.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

1.- Terán unha natureza de créditos ampliáveis os financiados con recursos expresamente afectados, agás os procedentes de operacións de crédito, todo isto de conformidade co establecido no artigo 39.1 do Decreto 500/1990.

2.- Para o exercicio 2018 terán a consideración de ampliáveis os créditos das seguintes aplicacións:

a) Aplicación 920.225.01. Os recursos afectados que financiarán a ampliación de crédito nesta aplicación serán os efectivamente recadados no concepto 399 que superen os inicialmente previstos, sempre que tales ingresos se refiran á anuncios oficiais realizados polo Concello e que deban ser aboados polos interesados, como os anuncios relativos a procedementos de contratación que sexan por conta do adxudicatario e outros análogos.

b) Aplicación 920.830/1. Poderase ampliar crédito cando se recoñezan máis ingresos dos inicialmente previstos nos conceptos 830/1.

3.- O expediente de ampliación deberá conter como mínimo os seguintes documentos:

- Informe da Intervención municipal onde se poña de manifesto a efectiva recadación dos maiores ingresos previstos nos conceptos indicados no apartado segundo desta base.

- Resolución de Alcaldía ou órgano en quen delegue, aprobando a ampliación dos créditos.

BASE 13^a.- TRANSFERENCIAS DE CREDITO.

Os créditos das diferentes partidas de gastos do orzamento xeral da corporación poderán ser transferidos a outras partidas con diferente vinculación xurídica.

Conforme ao establecido nos artigos 180 do TRLFL e artigo 41 do R.D. 500/1990 as transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) Non afectarán aos créditos ampliáveis nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.

b) Non poderán minorarse, mediante transferencia, os créditos que se incrementasen con suplementos ou transferencia, agás cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de presupostos pechados.

c) Non se incrementarán créditos que, como consecuencia de outras transferencias, fosen obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobados polo Pleno.

Os expedientes de transferencias de crédito tramitaranse a proposta do Concelleiro de Delegado de área correspondente ou Alcaldía, e Intervención informaraos e certificará a existencia de crédito suficiente na partida presupostaria que deba ceder crédito.

A aprobación dos expedientes de transferencia de crédito entre distintos grupos de función corresponderá ao Pleno agás cando afecte a créditos de persoal. Na tramitación destes expedientes serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación do presuposto xeral, así como o réxime de recursos contencioso-administrativos contra os devanditos presupostos.

A aprobación dos demais expedientes de transferencias de crédito, tralo informe previo e trala certificación da existencia de crédito suficiente de Intervención, corresponderá ao Alcalde, ou órgano en quen delegue.

BASE 14^a.- XERACIÓN DE CRÉDITOS.

Segundo o disposto nos artigos 181 do TRLFL e 43 do R.D. 500/1990, poderán xerar créditos no estado de gastos incrementando as consignacións orzamentarias existentes no mesmo ou creando outras novas, por ingreso de natureza non tributaria os derivados das operacións seguintes:

a) Aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar xunto coa entidade local gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da mesma.

b) Alleamentos de bens da entidade local.

En ámbolos supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito, que se dea o acto formal do compromiso firme de contribución ou de recoñecemento do dereito.

c) Prestación de servizos.

d) Reembolso de préstamos.

Nos dous supostos anteriores o crédito xerarase no momento do recoñecemento do dereito, aínda que a dispoñibilidade dos devanditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos.

e) Os importes procedentes de reintegros de pagos indebidos con cargo ao orzamento corrente, en canto á reposición de crédito na correlativa partida orzamentaria.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

A tramitación dos expedientes de xeración de crédito realizarase, conforme ao artigo 44 do R.D. 500/1990 a iniciativa da alcaldía, concellería interesada ou servicios ou unidades organizativas responsables da execución do gasto. A iniciativa exercerase mediante a presentación dunha memoria na que se acreditará a existencia do recoñecemento do dereito, do compromiso firme de aportación ou da efectividade do cobro do reintegro, segundo o suposto que legalmente corresponda. Así mesmo, acreditarase a correlación entre o recurso e o crédito xerado, a súa condición de non previsto no orzamento inicialmente aprobado ou que excede da súa previsión inicial e a súa contía, e os ingresos onde debe rexistrarse o compromiso ou dereito recoñecido, segundo o caso.

No expediente incorporárase copia do documento que acredite o recoñecemento do dereito, ou compromiso firme de aportación ou a súa efectiva recadación.

Os expedientes de xeración de créditos serán informados pola Intervención Municipal, previamente á súa aprobación. A aprobación dos mesmos corresponderá ao Alcalde ou órgano en quen delegue.

BASE 15ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EJERCICIO ANTERIOR.

Teñen a consideración de remanentes de crédito os saldos dos créditos definitivos non afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas. Integran os remanentes de créditos os seguintes compoñentes:

- a) Os saldos de disposicións ou diferenza entre gastos dispostos ou comprometidos e obrigas recoñecidas.
- b) Os saldos de autorizacións ou diferenza entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- c) Os saldos de crédito ou suma de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

Os remanentes de crédito, ara que produzan os efectos da súa posible incorporación ao exercicio seguinte, poderán atoparse nas seguintes situacións:

a) Remanentes de crédito non incorporables.

En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, agás aqueles que estivesen financiados con recursos afectados.

b) Remanentes de crédito de incorporación voluntaria.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

Poderán ser incorporados aos correspondentes créditos do presuposto de gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non utilizado procedentes de:

- 1.- Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que fosen concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio.
- 2.- Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, ao que se fai referencia no artigo 23.2.b) do Real Decreto 500/1990.
- 3.- Créditos por operacións de capital.
- 4.- Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

c) Remanentes de crédito de incorporación obrigatoria.

Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ao exercicio seguinte, agás que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores quedará subordinada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados aos mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a súa concesión e a súa autorización. Estes créditos poderán se incorporados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.

- En relación cos créditos que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio presupostario seguinte e deberán contar con suficientes recursos financeiros.

- Aos créditos financiados con recursos afectados non se lles aplicarán as regras de limitación no número de exercicios, aínda que deberán contar con suficientes recursos financeiros.

Para que produza os efectos de incorporación de remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros:

- a) O remanente líquido de Tesourería.
- b) Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no presuposto.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

No caso de incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiación afectada consideraranse recursos financeiros suficientes:

a) En primeiro lugar as desviacións positivas de financiamento e os compromisos firmes de aportación e non realizados no exercicio, afectados aos remanentes que se pretenden incorporar.

b) No seu defecto, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

As propostas de incorporación de remanentes de crédito terán en conta as seguintes prioridades:

1º.- Os recursos financeiros dispoñibles aplicaranse en primeiro termo á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados.

2º.- O exceso, se o houbera, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gasto de exercicios anteriores.

3º.- Os recursos financeiros que resulten tralas incorporacións expostas aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

Os expedientes de incorporación de remanentes de crédito axustaranse ao seguinte procedemento:

- Proposta do Alcalde ou Concelleiro delegado da Área correspondente, na que se detalle os remanentes que se pretenden incorporar, as partidas orzamentarias afectadas e os medios de financiamento previstos.

- Certificación pola Intervención da existencia dos remanentes incorporables propostos.

- Informe de Intervención.

- Aprobación do expediente polo Alcalde ou órgano en quen delegue.

A incorporación de remanentes de crédito correspondentes a gastos con financiamento afectado non requirirá a previa aprobación da Liquidación do Orzamento anterior nin a determinación do Remanente Líquido de Tesourería, sempre que as incorporacións se financien con desviacións positivas de financiamento ou con compromisos de aportación concertados e non realizados no exercicio.

BASE 16ª.- BAIAS POR ANULACIÓN.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

Sempre que nas diferentes partidas de gastos se poda producir unha diminución total ou parcial no crédito asignado sen perturbación do servizo ao que vaian destinados, poderán darse de baixa.

Para iso procederáse á formación do expediente a iniciativa do alcalde ou do concelleiro responsable de área, informe do interventor e aprobación polo pleno do concello.

Pode dar lugar a baixas por anulación de créditos:

- a) A financiación de remanentes de tesourería negativos.
- b) A financiación de créditos extraordinarios e suplementos de créditos.
- c) A execución dos acordos do Pleno do Concello.

Cando as baixas de créditos se destinen a financiar suplementos ou créditos extraordinarios, formará parte do expediente que se tramite para a aprobación de aqueles, sendo a súa tramitación a indicada para ditos créditos extraordinarios e suplementos de créditos.

TÍTULO III.- EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO XERAL.

CAPÍTULO 1º.- DOS GASTOS.

BASE 17ª .- FASES NA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS.

1.- A xestión do orzamento de gastos do concello realizarase nas seguintes fases:

- a) Autorización do gasto.
- b) Disposición do gasto.
- c) Recoñecemento da obriga.
- d) Ordenación do pagamento

2.- A iniciativa xestora corresponderá á concellería, unidade organizativa ou departamento correspondente.

3.- Dentro do importe dos créditos autorizados no presuposto xeral, corresponderá á Intervención a retención de créditos baseándose nas propostas de gasto que efectúen os distintos órganos do Concello, ou cando polos Servizos económicos se estime convinte para garantir unha correcta xestión e control dos créditos dispoñibles.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

BASE 18ª.- COMPETENCIA PARA AUTORIZACION E DISPOSICION DE GASTOS.

Autorización e disposición de gastos, fases de execución orzamentaria reguladas no R.D. 500/1990, artigos 54 e 57, ambos inclusive, corresponderá en función do tipo de gasto e a súa contía ós seguintes órganos municipais:

a) O Pleno da Corporación nos seguintes supostos:

- Gastos derivados dos asuntos nos que goza de competencia de conformidade co previsto no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 64 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, sen prexuízo das delegacións que poda efectuar nos demais órganos do Concello.

b) O presidente da Corporación nos seguintes supostos:

- Gastos derivados dos asuntos nos que goza de competencia de conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, sen prexuízo das delegacións que poda efectuar nos demais órganos do Concello.

BASE 19ª.- ACUMULACIÓN DE FASES. NORMAS COMÚNS.

1.- Poderán acumularse nun só acto administrativo as fases de autorización e compromiso (AD) sempre que se dean as seguintes circunstancias:

a) Que se trate dalgún dos contratos menores regulados na lexislación de contratos do sector público.

b) Cando se coñeza a contía exacta do gasto e o nome do perceptor.

c) Que o órgano que adopte a decisión teña competencia orixinaria ou delegada para acordar todas e cada unha das fases incluídas.

2.- Así mesmo, tamén poderán obxecto de acumulación nun só acto administrativo as fases de autorización, compromiso e recoñecemento da obriga (ADO) cando se dean as seguintes circunstancias:

a) Que se trate dalgún dos contratos menores regulados na lexislación de contratos do sector público.

c) Que o órgano que adopte a decisión teña competencia orixinaria ou delegada para acordar todas e cada unha das fases incluídas.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

c) Que se trate de gastos que polas súas características requiran axilidade na súa tramitación ou aqueles nos que a esixibilidade da obriga poida ser inmediata.

BASE 20ª.- GASTOS FINANCEIROS. DOCUMENTOS CONTABLES E ACUMULACIÓN DE FASES.

1.- Para as cotas de amortización e xuros de préstamos concertados e que se fundamenten nos correspondentes cadros de amortización, tramitarase preferentemente o documento AD, tramitándose ao seu vencemento o correspondente documento O.

2.- Cando as características especiais do préstamo - tipo de xuro variable, préstamo subvencionado- non sexa posible predeterminar con exactitude a contía dos vencementos por amortización e intereses, poderase tramitar conxuntamente documento ADO.

3.- Así mesmo tramitarase documento ADO, no caso dos préstamos concertados no exercicio polos vencementos que se produzan no mes con anterioridade á aplicación do correspondente cadro de amortización.

BASE 21ª.- COMPRAS DE BENS CORRENTES E SERVICIOS. DOCUMENTOS CONTABLES E ACUMULACIÓN DE FASES.

1.- Tramitarase documento AD polo importe do gasto imputable ao exercicio no momento de ser coñecido o mesmo nos seguintes casos:

a) Contratos de tracto sucesivo - lixo, limpeza, etc.- salvo que polas propias características do contrato non se poda determinar con exactitude o importe, neste caso utilizarase o documento ADO.

b) Adquisicións e servicios obxecto de contratación directa.

c) Gastos plurianuais polo importe da anualidade comprometida.

d) Aqueles gastos do apartado 1, que por determinadas circunstancias se considere oportuno diferenciar as fases AD da fase O.

No momento en que polo órgano competente se recoñeza a obriga correspondente, tramitarase o documento O.

2.- Tramitarase documento conxunto ADO cando se trate dos seguintes supostos:

a) Material non inventariable, subministracións menores e en xeral aqueles gastos por importe inferior a 3.000 euros nos que a esixibilidade da obriga pode ser inmediata.

b) Dietas e gastos de locomoción.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

c) Gastos producidos como consecuencia de recoñecemento extraxudicial de crédito por parte do Pleno da Corporación.

3.- Naqueles gastos en que a natureza ou requisitos de contratación o fagan aconsellable, deberanse diferenciar as distintas fases do proceso contable.

BASE 22ª.- GASTOS EN INVERSIONES. DOCUMENTOS CONTABLES E ACUMULACIÓN DE FASES.

Pola súa propia natureza estes gastos serán obxecto do correspondente expediente de contratación que contablemente se reflexará da forma seguinte:

1.- Tramitarse documento A co acordo polo que se produce a aprobación do gasto, por importe igual ao custe do Proxecto ou presuposto da obra ou inversión.

2.- Coñecido o adxudicatario e o importe exacto do gasto, tramitarse o documento D.

3.- Na medida en que ten lugar a realización da obra, prestación do servizo ou adquisición de subministracións, acreditados mediante a certificación ou factura correspondente, e en base aos acordos que recoñezan a obriga polo órgano competente, tramitarse o documento O.

Todo isto con excepción daqueles investimentos que entren no concepto de contratos menores previsto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Neste suposto poderanse tramitar conxuntamente dúas ou máis fases de xestión do orzamento de gastos.

BASE 23ª.- TRANSFERENCIAS. DOCUMENTOS CONTABLES E ACUMULACIÓN DE FASES.

1.- As transferencias tanto correntes como de capital implicarán tramitación de documento contable AD, a partir de:

a) Acordo de concesión de subvencións que non figuren nominativamente no orzamento, sen perxucio da retención de crédito que poda producirse ao aprobarse as bases para a concesión das mesmas.

b) Inicio do exercicio, cando se trate de subvencións nominativas, ou que en base a concertos ou convenios sexan compromisos adquiridos polo Concello.

2.- Tramitarse documento ADO en todos aqueles casos de transferencias correntes:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

a) A favor doutras administracións públicas de carácter obrigatorio ou convenio ou de Organismos de natureza pública nos que participe o Concello tales como, Mancomunidades, Consorcios, etc.

b) A favor de particulares, cando se facilite a xestión polas características específicas da transferencia ou subvención -escaso importe, difícil predeterminación, emerxencia socia, etc-.

BASE 24ª.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACION DA OBRIGA.

1.- Previamente ao recoñecemento das obrigas haberá de acreditarse documentalmente a realización da prestación ou o dereito do acredor.

O documento xustificativo do gasto na realización dunha obra que teña un orzamento de execución superior ao límite fixado para os contratos menores de obra regulados no apartado 2 do artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, polo que se aproba Lei de contratos do sector público, será a certificación da obra con relación valorada e a factura correspondente.

Nos restantes casos de obras, prestación de servizos e realización de subministracións o documento xustificativo será a factura, que deberá conter os requisitos regulados nos artigos 6 e 7, segundo os casos, do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación. A maiores deberá constar na factura os seguintes datos:

- Destinatario:

Concello de Malpica de Bergantiños
CIF: P-1504400-A
Avda. Emilio González, 1
15113 – Malpica (A Coruña)

- Entidade bancaria e número de conta onde transferir o importe, no seu caso.

- Firma da autoridade municipal ou funcionario que acredite a recepción da conformidade.

2.- Para a tramitación das facturas, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello cos requisitos sinalados. Á factura deberá unirse o vale de compra ou fotocopia do documento acreditativo da autorización e disposición dos gastos, naqueles casos no que este sexa de escasa contía.

Recibidas as facturas no Rexistro, remitiranse aos servizos para o recibido e conforme do xefe do servizo ou concelleiro encargado, implicando o devandito acto que o servizo ou subministro se efectuou de acordo coas condicións contractuais e que son correctos os datos figurados na factura.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

Unha vez conformadas as facturas, trasladaranse á Intervención de Fondos para os efectos da súa fiscalización e contabilización, elaborándose relación de todas aquelas facturas que podas ser elevadas á aprobación do órgano competente.

3.- Corresponderalle á Alcaldía o recoñecemento da obriga nos gastos que lle correspondan segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, sen prexuízo das delegacións que, no seu caso, poda efectuar.

A competencia será do Pleno nos supostos previstos no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril e 64 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, sen prexuízo das delegacións que podan efectuarse noutros órganos do concello.

4.- O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ao Pleno, de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

5.- Con cargo ás consignacións do orzamento vixente poderanse recoñecer obrigas por facturas que se presenten a principios do exercicio corrente correspondentes a subministracións ou servizos prestados no último mes do exercicio anterior e considerados de tracto sucesivo.

BASE 25ª.- FACTURACIÓN ELECTRÓNICA.

1.- Estarán obrigados a facturar electronicamente todos os provedores que entregasen bens ou prestase servizos a este Concello dende o 15 de xaneiro de 2015 e en concreto, tal e como dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público:

- Sociedades anónimas.
- Sociedades de responsabilidade limitada.
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- Unións temporais de empresas.
- Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos,

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

2.- En virtude da potestade regulamentaria conferida de acordo co apartado segundo do referido artigo, estarán excluídas da obriga de facturar electronicamente a este Concello as facturas que non superen o importe de 5.000 €, impostos incluídos.

Igualmente quedan excluídas as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior ata que as devanditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos devanditos servizos.

BASE 26ª.- ORDENACIÓN DO PAGAMENTO .

1.- A ordenación do pagamento das obrigas previamente recoñecidas corresponderá ao alcalde do concello de acordo co previsto no artigo 21.1f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 167.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

2.- A expedición das ordes de pagamento acomodarse ao plan de disposición de fondos da tesourería que se estableza pola alcaldía. O plan deberá recoller, necesariamente, a prioridade dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.

O pago material xustificarse pola Tesourería mediante o "recibín" do interesado ou orde de transferencia bancaria.

BASE 27ª.- ORDES DE PAGAMENTO .

1.- O acto administrativo da ordenación materializarse en relacións de orde de pagamento que recollerán, como mínimo e para cada unha das obrigas nelas recoñecidas os seus importe líquido e bruto, a identificación do acredor, a explicación ou motivo, e a aplicación ou aplicacións orzamentarias a que deban imputarse.

2.- A ordenación do pagamento pode ter lugar individualmente respecto de obrigas específicas e concretas.

3.- Cando o recoñecemento das obrigas e as ordes de pagamento se imputen ás mesmas partidas orzamentarias e obedezan ao cumprimento de compromisos de igual natureza, poderán reflexarse en relacións adicionais a identificación dos acredores e os importes bruto e líquido.

4.- Con base en ditas relacións adicionais poderá procederse ao pagamento individual das respectivas obrigas mediante transferencias dos fondos ás contas correntes nas entidades

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

de crédito reseñadas polos interesados. En tal caso, na orde de pagamento figurará como preceptora a entidade financeira colaboradora encargada de executar as orde de transferencia.

5.- No suposto indicado anteriormente as ordes de pagamento acumuladas ás relacións adicionais terán a mesma eficacia en relación cos acredores que as orde de pago singularizadas (art. 66 do R.D. 500/1.990).

BASE 28ª.- PAGOS A XUSTIFICAR.

1.- Só se expedirán ordes de pago a xustificar con motivo de adquisición ou servicios necesarios, e que o pago non poida realizarse con cargo aos anticipos de caixa fixa e nos que non sexa posible dispor de comprobantes con anterioridade a súa realización.

2.- As orde de pago aplicaranse aos créditos presupostarios correspondentes, podendo ser dita aplicación soamente a gastos correntes do capítulo 2 e axudas asistenciais con cargo ao capítulo 4 Transferencias correntes.

3.- Os perceptores quedan obrigados a xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses, a tal efecto presentarán as contas xustificativas acompañadas das facturas ou documentos acreditativos dos pagos co recibín dos provedores ou executantes dos servicios.

4.- Non poderán expedirse novas orde de pago "a xustificar" polos mesmos conceptos presupostarios a perceptores que tiveran no seu poder fondos pendentes de xustificación.

5.- Os perceptores deberán reintegrar á Facenda Municipal as cantidades non invertidas ou non xustificadas, non suxeitos ao réxime de responsabilidades que establece a normativa vixente. A Alcaldía requirirá a aqueles perceptores que transcorridos os prazos non xustificasen as cantidades percibidas, sen prexuízo das accións que poidan corresponder ante os órganos ou xurisdición competente.

6.- As ordes de pago a xustificar expediranse previa resolución da Alcaldía e terán un importe máximo de 3.000 euros, excepto no caso de pagos e interpretes o artistas. O resto das excepcións, que por entender debidamente xustificadas, deberán autorizarse previa e individualizadamente pola Xunta de Goberno Local.

BASE 29ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA.

Os mandamentos a xustificar cando se trate de atencións repetitivas relativas en todo caso a gastos ordinarios, poderán adoptar a forma de anticipos de caixa fixa de acordo co establecido nos artigos 73 e 76 do R.D. 500/90 de 20 de Abril, tendo en conta as seguintes normas:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

a) Só se poderán atender mediante anticipos de caixa fixa gastos de carácter ordinario relativos a:

- Os artigos 20, 21, 22 e 23 da clasificación económica do presuposto de gastos.
- Axudas asistenciais e outros gastos asimilados de Servicos Sociais.

b) A contía de cada gasto satisfeito con estes fondos non poderán sobrepasar os 1.500 euros

c) O importe de cada anticipo non superará o 5% dos créditos presupostarios das partidas correspondentes ós gastos que se poidan realizar por medio do mesmo, en cada grupo de programa.

O importe total de anticipos concedidos vixentes ou non cancelados non superará a cantidade de 3000 euros e serán concedidos mediante Resolución da alcaldía.

d) As reposicións das cantidades anticipadas efectuarase sempre despois da aprobación pola Alcaldía das facturas ou xustificantes e con aplicación as partidas presupostarias que correspondan ás cantidades xustificadas.

e) Os fondos libraranse, a favor do habilitado autorizado a tal efecto mediante Resolución da Alcaldía, por medio da Caixa da Corporación. O habilitado asinará o recibín no documento de pago extrapresupostario correspondente a entrega do anticipo que se lle concede

f) O habilitado só poderá utilizar os fondos para as atencións ou gastos para os que foi concedido o anticipo.

g) Os perceptores de anticipos levarán contabilidade das cantidades recibidas mediante un libro de contas correntes, onde anotarán ao debe as cantidade recibidas e non haber xustificadas.

BASE 30ª.- GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL

A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos. Ditos gastos estarán sometidos ás limitacións establecidas nos artigos 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

No caso de investimentos e transferencias de capital, o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros non poderá exceder da contía que resulte de aplicar os porcentaxes que se sinalan no parágrafo seguinte que se obtén despois de efectuar sobre o crédito inicial correspondente ao ano en que se adquira o compromiso en firme as seguintes operacións:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servicos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

- Dedución do importe dos compromisos de gastos plurianuais en exercicios anteriores, na parte imputable ao exercicio corrente.
- Incrementos derivados de modificacións de créditos tramitadas no exercicio.
- Minoracións por baixas ocasionadas por anulación de crédito ou por transferencias a outras partidas.

As porcentaxes expresadas no apartado anterior serán: para o exercicio inmediato seguinte o 70%, para o segundo exercicio o 60% e no terceiro e cuarto o 50%. A aplicación dos límites sinalados nos apartados anteriores se efectuará tendo en conta os niveis de vinculación xurídica dos créditos.

Excepcionalmente o Pleno do Concello poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes e contías; e fixar o límite das novas porcentaxes.

BASE 31^a.- CONTRATOS MENORES.

A tramitación de gastos, que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ao disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, polo que se aproba Lei de contratos do sector público, adecuaranse ás seguintes normas:

1.- Procedemento xeral.

O expediente de contratación conterà como mínimo os seguintes documentos:

- Proposta de gasto razoada por parte da concellaría, departamento ou área na que se xustifique a necesidade dese gasto. Achegaranse aló menos dúas ofertas ou presupostos agás que se xustifique adecuadamente a presentación dunha sola oferta. A proposta deberá ir acompañada dun informe técnico de necesidade se así o require a natureza do gasto.
- Providencia de alcaldía ordenando a tramitación do expediente.
- Certificado de existencia de crédito.
- Resolución de alcaldía autorizando e adxudicando o gasto.

Se a iniciativa do gasto emana directamente de alcaldía, o expediente iniciarase directamente coa providencia deste órgano e incluírá o contido e a documentación dunha proposta.

2.- Procedemento simplificado mediante proposta de gasto.

O expediente conterà como mínimo os seguintes documentos:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

- Proposta de gasto da concellaría, departamento ou área onde se indicará:
 - Aplicación orzamentaria.
 - Descrición do gasto
 - Importe (IVE incluído).
 - Proveedor.
- Certificado de existencia de crédito.
- Autorización de alcaldía.

Esta tramitación simplificada poderá aplicarse nos seguintes supostos:

- a) Contratos menores de obras por importe igual ou inferior a 6.000 euros (IVE incluído).
- b) Contratos menores de subministracións e servizos de contía igual ou inferior a 3.000 euros (IVE incluído).

CAPITULO 2º- DOS INGRESOS

BASE 32ª.- COMPROMISOS DE INGRESO.

1.- Entenderase por compromiso de ingreso a favor do Concello de Malpica toda declaración ou resolución firme pola que calquera persoa física ou xurídica pola súa propia iniciativa ou a instancia do propio Concello, decida financiar de forma total ou parcial calquera gasto da competencia Municipal.

En concreto considerarase compromiso de ingreso calquera resolución firme de calquera das Administracións Públicas concedendo subvención ou axudas ao Concello de Malpica, sen prexuízo do cumprimento por parte do Concello das condicións e destino de ditas subvencións ou axudas en función do previsto nas resolucións referidas ou nas súas normas reguladoras.

2.- Os compromisos de ingresos poderán xerar crédito no estado de gastos do presuposto de acordo co previsto na Base 7ª.

BASE 33ª.- RECOÑECIMENTO DE DEREITOS.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

1.- Procederá o recoñecemento de dereitos tan pronto como se coñeza que existiu unha liquidación a favor do Concello, que poida proceder da propia Corporación, de outra administración ou dos particulares observándose as regras dos puntos seguintes.

2.- Nas liquidacións de contraídos previo, de ingreso directo, contabilizarase o recoñecemento de dereitos - conta 430 - cando se aproban as liquidacións.

3.- Nas liquidacións de contraído previo, ingreso por recibo, a contabilización do recoñecemento do dereito terá lugar tras a aprobación do padrón.

4.- Nas autoliquidacións e ingresos sen contraído previo, cando se presentan e se ingresa o importe das mesmas.

5.- No caso de subvencións ou transferencias a recibir de outra entidade, condicionadas ao cumprimento de determinados requisitos, recollerase o dereito no momento ca transferencia sexa vencida, líquida e esixible.

6.- As participacións en ingreso do Estado, entregas a conta que efectúa o Servicio Provincial de Recadación polos tributos cedidos en xestión (I.A.E., I.B.I: e I.V.T.M), serán operacións de contraído previo ingreso directo dende o momento en que se reciba a comunicación oficial das entregas fixas a efectuar por estes conceptos durante o exercicio, segundo consulta 11/93 do Boletín Informativo da Intervención Xeral do Estado.

7.- Os préstamos concertados e outros similares serán operacións de contraído simultáneo ao ingreso.

BASE 34ª.- XESTIÓN TRIBUTARIA

Os actos administrativos de xestión en materia tributaria, excepto aqueles derivados da cesión da súa xestión na Deputación Provincial, será competencia do Presidente da Corporación.

CAPITULO 3º.- DA DEPURACION DE SALDOS CONTABLES

BASE 35ª.- PROCEDEMENTO PARA APROBACIÓN DE MODIFICACIÓNS DE DEREITOS E OBRIGAS PERTENCENTES Á AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.

1º.- As anulacións ou baixas de obrigas incluídas na agrupación de presupostos pechados motivadas por prescripción axustaranse ao seguinte procedemento de tramitación:

- Proposta motivada e detallada das baixas citadas, elaboradas pola Tesouraría.
- Informe de Intervención.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

- Exposición ao Público polo prazo de quince días hábiles a través dun edicto no Boletín Oficial da Provincia e notificación individual aos interesados.

- Informe de Intervención no caso de presentarse alegacións.

- Resolución da Alcaldía que incluírá a estimación ou desestimación das alegacións que se presentasen.

2º.- As anulacións de dereitos por prescrición serán declaradas de oficio mediante resolución de alcaldía previo informe da tesouraría municipal. Seguirase tamén este procedemento no caso de modificacións de saldos iniciais de dereitos motivados por anulacións de liquidacións, insolvencias e outras causas.

3º.- Bastará coa resolución de Alcaldía, previo informe de intervención, sen que resulten de aplicación os trámites recollidos nos apartados anteriores, cando se trate de modificacións dos saldos iniciais de dereitos pendentes de cobramento e obrigas pendentes de pagamento, a causa de erros ou omisións na información contable e orzamentaria, co fin de garantir que a contabilidade reflicta a imaxe fiel da situación financeira e patrimonial do concello e a permanente concordancia coa información recollida nas contas de recadación.

CAPITULO 4º.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.

BASE 36ª.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

1.- A liquidación dos Orzamentos poñerá de manifesto o indicado no artigo 93 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

2.- Corresponderá o Alcalde, previo informe de intervención, a aprobación da liquidación do Orzamento.

3.- Para o cálculo do remanente de tesouraría para gastos xerais terán a consideración de dereitos de difícil ou imposible recadación, sen que tal consideración implique a súa anulación ou baixa en contabilidade, os seguintes:

- b) Dereitos pendentes de cobro liquidados no exercicio t-1, o 25 %
- c) Dereitos pendentes de cobro liquidados no do exercicio t-2, o 50%
- d) Dereitos pendentes de cobro liquidados no do exercicio t-3, o 75 %
- e) Dereitos pendentes de cobro liquidados nos restantes exercicios pechados, o 100%

Sendo t o exercicio correspondente ao orzamento liquidado.

TÍTULO IV.- GASTOS DE PERSOAL.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



BASE 37ª.- NORMAS XERAIS DOS GASTOS DE PERSOAL.

1.- Dentro do cadro de persoal que se adxunta ao orzamento figura o número e características do persoal funcionario, persoal laboral e persoal laboral eventual para este exercicio. Así mesmo figuran nas partidas de órganos de goberno as contías das retribucións a percibir polos mesmos segundo o posto de traballo que desempeñen.

Os haberes de persoal serán os que correspondan de conformidade á Lei de Presupostos Xerais do Estado para cada exercicio económico, acordos municipais e demais normas de obrigado cumprimento.

2.- A prestación de servizos especiais ou extraordinarios fora da xornada habitual requirirá a autorización previa ou, de non ser posible, a conformidade posterior por parte da Alcaldía ou Concellería da Área correspondente.

A realización dos traballos será xustificada polo funcionario responsable co visto e prace do Concelleiro correspondente.

A prestación dos devanditos servizos compensarase coa aplicación do réxime de tempo por tempo de acordo coa seguinte fórmula:

- Por cada hora traballada fóra da xornada normal, unha hora e tres cuartos libre.
- Por cada hora traballada en festivo ou nocturno (22:00 h a 6:00 h) dúas horas libres.

No caso de non poder acudir ao antedito, retribuirase mediante a oportuna gratificación (para o caso do persoal funcionario) ou hora extraordinaria (para o caso do persoal laboral), respectándose ademais no caso deste último persoal os límites establecidos na normativa laboral á realización das horas extraordinarias (artigo 35.2 do Estatuto dos Traballadores, principalmente). O gasto será aprobado por Resolución de Alcaldía de acordo coa seguinte contía:

- Valor da hora normal de traballo=Retribución anual/1.950 horas.
- Valor da hora extra=valor da hora normal x 1,75.
- Valor da hora extra por festivo ou período nocturno= Valor da hora normal x 2.

Unha vez expedida a Resolución de Alcaldía aprobando a concesión da gratificación ou hora extra, o seu importe será abonado na primeira nómina de haberes que cumpra confeccionar.

5.- O pago dos trienios farase automaticamente na data que corresponda e segundo o cadro de persoal que acompaña ao orzamento.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

6.- As axudas de custo e gastos de viaxe dos membros da Corporación serán as sinaladas para os funcionarios do Grupo 1 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio.

7.- As axudas de custo dos funcionarios e persoal laboral axustaranse ao establecido no Real Decreto 462/2002 coa seguinte equivalencia:

- Titulación superior Grupo 1
- Titulación Media Grupo 2
- Resto Grupo 3

8.- Tódalas comisións de servizo con dereito a indemnización deberán ser autorizadas previamente polo Alcalde-Presidente, órgano que deberá asegurarse da existencia de crédito orzamentario.

BASE 38ª.- ANTICIPOS DE HABERES AO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL.

1.- A concesión de anticipos de haberes ao persoal funcionario e laboral regularase polo establecido no acordo regulador ou convenio colectivo segundo corresponda. No seu defecto, aplicaranse as normas recollidas nos apartados seguintes desta base.

2.- Concederase un máximo de dúas mensualidades das retribucións básicas líquidas (soldo, trienios e pagas extraordinarias).

3.- Os anticipos non vindicarán xuro algún e serán reintegrados por contías iguais cada mes durante un prazo de dez meses, cando o anticipo ascenda a unha mensualidade retributiva, ou catorce meses, cando se trate de dúas.

4.- Non poderán concederse novos anticipos a un traballador mentres teña outro en vigor. Para a concesión dun novo anticipo, será necesario que o anterior anticipo sexa cancelado.

5.- No suposto de extinción ou suspensión da relación de servizo co Concello o persoal afectado verase obrigado ao reintegro do importe pendente.

A estes efectos non se considerará suspensión da relación de servizo os permisos ou licenzas legalmente establecidas ou as situacións de incapacidade transitoria. Durante a vixencia de tales situacións temporais, o persoal funcionario ou laboral incurso nelas que tivese anticipos pendentes de reembolso e non perciba retribucións do Concello, efectuará os reintegros correspondentes por mensualidades, nas datas inicialmente determinadas, realizándose o ingreso na Tesouraría municipal.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

6.- Para as demais cuestións que non figuren reguladas nesta base aplicarase o Real Decreto-Lei 2608, de 16 de decembro de 1929, sobre anticipos a funcionarios públicos.

TÍTULO V.- SUBVENCÍONS.

BASE 49ª.- RÉXIME XURIDICO.

A concesión de todo tipo de Subvencións por parte do Concello de Malpica axustarase ó contido do Anexo I, no que se recollen as Bases Regulatoras para a Concesión de Subvencións, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

BASE 40ª.- SUBVENCÍONS NOMINATIVAS.

O Concello de Malpica poderá conceder de forma directa aquelas subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral, nos termos recollidos nos artigos 22.2.a) e 28 da Lei Xeral de Subvencións e punto VI e VII do Anexo I das Bases de Execución.

Prevese nominativamente no orzamento o outorgamento das seguintes subvencións por considerarse de interese municipal:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO/OBXECTO	IMPORTE
135.480	Agrupación Voluntarios Protección Civil (gastos de funcionamento)	1.000,00 €
326.489	I.E.S. Urbano Lugrís (excursións e xornadas de convivencia)	600,00 €
334.480	A.C. Caldeirón (Certame Poesía Erótica)	2.100,00 €
338.480	Festas do Mar de Malpica	5.410,00 €
338.480	Festas da Virxe do Carme de Barizo	721,21 €
338.480	Festas de San Xulián de Seaia	721,21 €
338.480	Festas de Santa Filomena de Buño	450,76 €
338.480	Festas de Santo Antonio de Buño	450,76 €
338.480	Festas da Virxe do Rosario de Cerqueda	450,76 €
338.480	Festas de San Cristovo de Cerqueda	450,76 €
338.480	Festas de San Blas en San Tirso de Vilanova	721,21 €
338.480	Festas de Santiago Apóstolo en Mens	721,21 €
338.480	Festas da Virxe do Deserto en Cambre	721,21 €
338.480	Festas da Virxe do Carme en Leiloio	450,76 €
338.480	Festas do Sacramento en Leiloio	450,76 €
	TOTAL	15.420,61 €

No caso da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, a subvención responde á natureza do servizo que prestan dado que se engloba dentro das competencias municipais propias da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25.2.f).

A previsión dunha subvención nominativa para o I.E.S. Urbano Lugrís, destinada á realización de excursións e xornadas de convivencia, ten como obxectivo fomentar na mocidade o bo uso do servizo que prestan dado que se engloba dentro das competencias municipais propias da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25.2.f).

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

do tempo de lecer (art. 25.2.l) LBRL), a convivencia, o respecto e o traballo en equipo, así como o enriquecemento e a ampliación da experiencia adquirida nas aulas.

Respecto á Asociación Cultural “O Caldeirón”, a concesión da subvención nominativa arriba indicada englóbase dentro das actividades de promoción cultural que realiza este Concello (art. 25.2.m) LBRL). O obxectivo é fomentar a creación artística, concretamente a literaria, a través da colaboración no Certame de Poesía Erótica “Illas Sisargas” e a “Cea das Letras”, que organiza esta asociación e que xa leva dez anos realizándose.

A subvención nominativa para a celebración das “Festas do Mar” persegue recoñecer e fomentar as tradicións culturais mariñeiras da vila de Malpica e que son o seu principal signo identificador, así como polo interese turístico das celebracións.

Finalmente recóllense as axudas para a celebración das diferentes festas parroquiais dado o seu arraigo e co fin de fomentar o tempo de lecer e a cultura popular.

No caso das subvencións nominativas para as festas parroquiais e do Mar o beneficiario será a entidade organizadora dos festexos.

TÍTULO VI.- CONTROL INTERNO

BASE 41ª. FUNCIÓN INTERVENTORA E CONTROL FINANCEIRO.

1.- No Concello exerceranse as funcións de control interno na súa dobre acepción da función interventora e o control financeiro.

2.- O control interno exercerase polo órgano interventor de conformidade coa normativa reguladora aplicable nesta materia e as seguintes normas particulares. Concretamente será de aplicación o previsto do Real Decreto 427/2017, de 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local. Aplicarase esta norma en todo o que non estea previsto nestas bases.

BASE 42ª. NORMAS PARTICULARES DE FISCALIZACIÓN.

1.- Non estarán suxeitas a fiscalización previa:

- a) Os gastos de material non inventariable.
- b) Os contratos menores.
- c) Os gastos de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez fiscalizado o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

- d) Os gastos inferiores a 3.005,06 € que se fagan efectivos mediante anticipos de caixa fixa.

2.- En materia de gastos correntes imputables ao Capítulo II, exercerase a fiscalización e intervención limitada nos termos recollidos nos artigos 13 e 14 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, limitándose a comprobar os seguintes extremos:

- A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obrigación que se propón contraer.
- Que as obrigas ou gastos son xerados polo órgano competente.
- Que o procedemento e forma de adxudicación sexa axustada ao establecido pola normativa vixente.

3.-A fiscalización previa do recoñecemento de dereitos substituirase de acordo co previsto no artigo 9 do Real Decreto 424/2017 pola súa toma de razón en contabilidade e o control posterior con excepción dos actos de ordenación e pagamento material derivados de devolucions de ingresos indebidos.

4.- A posteriori realizaranse pola Intervención as actuacións comprobatorias oportunas mediante o exercicio do control financeiro.

5.- Para levar a cabo a intervención e comprobación material dos investimentos realizados naqueles casos onde sexa obrigatoria a presenza do interventor municipal na recepción das obras, deberá producirse a correspondente comunicación cunha antelación mínima de dez días soltos co obxecto de que se dispoña de tempo suficiente para a adecuada organización e programación do traballo que se ha de realizar. Nestes supostos deberá constar expresamente nas actas de recepción a asistencia do interventor.

6.- Nos restantes casos onde non sexa obrigatoria a asistencia do interventor, a fiscalización das actas de recepción comprenderá os seguintes extremos:

- Identificación clara da obra obxecto da recepción.
- Sinaturas da dirección de obra, representante do contratista e do representante do Concello.
- Data da recepción.

ANEXO I

SUBVENCIONS E TRANSFERENCIAS

I. Concepto e ámbito de aplicación.-

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

1.- Aplícase o presente capítulo a toda disposición dineraria realizada polo Concello de Malpica sen contraprestación directa dos beneficiarios, a favor de persoas públicas ou privadas, con destino ao cumprimento dun obxectivo, execución dun proxecto ou actividade que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2.- O presente capítulo terá a consideración de bases xerais reguladoras das subvencións concedidas polo Concello de Malpica, segundo a definición establecida no apartado 1, sen prexuízo das particularidades que detallen as convocatorias específicas. Se trata de garantir os principios de concorrencia e obxectividade no seu outorgamento.

3.- Non están comprendidas no ámbito de aplicación deste capítulo as aportacións dinerarias realizadas a outras Administracións Públicas cando sexa en cumprimento dun convenio de colaboración, como aportación do Concello a un gasto que vaia reverter en interese do mesmo, en execución dunha disposición legal, etc. Así mesmo non estarán incluídas no ámbito de aplicación do presente capítulo aquelas aportacións que sexan consecuencia dunha sentenza xudicial firme.

II. Obxectivos xerais das Subvencións.

A actividade de fomento exercida polo Concello de Malpica a través da concesión de subvencións por calquera medio terá como obxectivo xeral a colaboración financeira do Concello na realización dun gasto relacionado con algunha competencia municipal. Deberá quedar xustificada esta vía de realización do gasto por motivos de eficacia e eficiencia. Esta actividade acada especial relevancia nos seguintes ámbitos:

- Asistencia social, nas súas vertentes de subvencións suxeitas aos principios de publicidade e concorrencia, aportacións dinerarias realizadas con motivo de emerxencia social e outras. Teñen por finalidade a curto prazo, a inmediata satisfacción de necesidades básicas a determinados estratos de poboación con problemáticas socio-económicas (escasos recursos, desarraigo por emigración ou inmigración,...). A longo prazo, pretenden a consecución da autosuficiencia permanente dos destinatarios das axudas. O acadamento destes obxectivos será obxecto dun especial seguimento polos servicios de asistencia social do Concello.
- Culturais, abarcando actividades de promoción e cooperación cultural, fomento da cultura popular etc.
- Deportivas: actividades de promoción do deporte e outras actividades de lecer.
- Aportacións permanentes para o sostemento de entidades ou fundacións sen fin de lucro, con finalidades diversas. A diferenza das anteriores, non están destinadas á financiación de gastos puntuais, senón á colaboración permanente cos gastos de funcionamento de determinadas entidades consideradas como de elevado de interese público.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

III. Principios xerais.-

A xestión das subvencións reguladas no presente capítulo, axustaranse aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

O departamento xestor das mesmas, e as normas polas que se regule a súa convocatoria arbitrarán os mecanismos necesarios para velar polo cumprimento dos principios de eficacia no cumprimento de obxectivos perseguidos tanto a curto como a longo prazo, sexa mediante a verificación directa da realización da actividade, solicitude de informes técnicos que acrediten a realización das inversións, requirimento de memorias como documentación xustificativa da realización do gasto,...

IV. Beneficiarios.-

- 1.- Terá a consideración de beneficiario da subvención a persoa, física ou xurídica, que haxa de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se encontre en situación que lexítima a súa concesión.
- 2.- As persoas ou entidades beneficiarias deberán ter un obxecto da súa actividade que garde relación directa coa finalidade para a que se conceda a subvención.
- 3.- As persoas ou entidades beneficiarias non poderán estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.
- 4.- Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, deberá acreditarse ante o Concello a calidade de representante da persoa física á que se lle encomende a realización de xestións en nome da primeira.

IV. Clasificación.-

- 1.- En función do momento de pago material das mesmas, as subvencións poderán ser:

PREPAGABLES: aquelas en que o pagamento material ten lugar con carácter previo á presentación e aprobación da documentación xustificativa da realización do gasto. Os pagamentos efectuados terán a consideración de pagos a conta.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

POSTPAGABLES: aquelas en que o pagamento material ten lugar con posterioridade á presentación e aprobación da documentación xustificativa da realización do gasto.

2.- En función do momento da realización da actividade ou gasto subvencionado, poderán ser:

EX ANTE: o pagamento da subvención ten lugar antes da realización do gasto ou actividade subvencionada.

EX POST: o pagamento da subvención ten lugar despois da realización do gasto ou actividade subvencionada.

A regra xeral, e salvo que se indique expresamente o contrario, é que as subvencións serán postpagables e ex post.

Excepcionalmente, admítase a concesión de subvencións prepagables e ex ante, sempre e cando así se acorde pola Xunta de Goberno Local, trala proposta do Concelleiro Delegado da área correspondente, onde se detalle:

- A concesión de subvención a un suxeito determinado e identificado.
- Que se respecte a legalidade aplicable en materia de subvencións.
- A sinatura do compromiso de presentar os xustificantes da realización efectiva da actividade que se subvenciona e do importe concedido. A forma de xustificación será xeneral para todo tipo de subvencións.
- Indicación expresa do prazo de xustificación da subvención que, en todo caso, no poderá ser posterior ó 31 de decembro do exercicio en que se conceda.
- Imposibilidade ou inconveniencia de tramitarse como subvención postpagable e ex post.

No suposto de actividades “a xustificar”, os perceptores presentarán no prazo de tres meses a contar dende a data da notificación do outorgamento da subvención ou, no suposto de que finalizado dito prazo a actividade subvencionada non estivera rematada, antes do fin do exercicio económico, os documentos xustificantes conforme o punto VIII.

A regra xeral será a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva. Isto non supón ningún obstáculo a inclusión nos oramentos daquelas subvencións con carácter nominativo.

V. Procedemento de concesión. Contido mínimo da convocatoria.-

1.- En función do procedemento para a súa concesión, as subvencións clasificaranse:

SUBVENCiónS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



SUBVENCIÓNS DIRECTAS:

- SUBVENCIÓNS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NAS PRESENTES BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.
- SUBVENCIÓNS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL.

2.- O procedemento de concesión de subvencións velará polo cumprimento dos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. A regra xeral será a súa tramitación en réxime de concorrencia competitiva, mediante comparación das solicitudes presentadas.

3.- As convocatorias de cada grupo de subvencións aprobaranse, preferentemente, no primeiro trimestre de cada ano, para cada unha das modalidades. A competencia para a súa aprobación corresponde ao Alcalde, competencia que poderá delegar na Xunta de Goberno Local, de conformidade coas normas establecidas na normativa de réxime local. Non obstante, poderanse aprobar convocatorias ó longo do ano, en función das necesidades apreciadas polas diferentes concellerías.

4.- A convocatoria de cada modalidade de subvención conterá as especificacións necesarias para a adecuación das presentes bases xerais ás peculiaridades propias de cada unha delas. O contido mínimo das convocatorias será o seguinte:

- Obxecto específico da subvención, segundo a modalidade de que se trate, e conforme ós criterios xerais establecidos no punto II do presente capítulo. Finalidade da mesma, que necesariamente deberá coincidir ca finalidade atribuída aos créditos orzamentarios que a amparen
- Requisitos específicos que deberán reunir os beneficiarios para a concesión da subvención, incluíndo os sinalados como requisitos mínimos pola Lei 38/2003.
- Procedemento de concesión da subvención.
- Criterios obxectivos de outorgamento da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
- Contía individualizada da subvención ou criterio para a súa determinación.
- Forma e prazo de presentación das solicitudes.
- Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da subvención e prazo no que será notificada a resolución.
- Determinación dos libros e rexistros contables específicos para garantir a adecuada xustificación da subvención.
- Prazo e forma de xustificación polo beneficiario e cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, así como a aplicación dos fondos percibidos.
- Posibilidade de aprobar a subvención como ex ante e prepagable, e xustificación de tal carácter.
- Circunstancias que, como consecuencia de circunstancias sobrevidas, poden dar lugar á modificación da resolución.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas públicas ou privadas.
- Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións.
- Determinación dos gastos que son subvencionables e os que non.

5.-As bases indicadas no parágrafo anterior serán redactadas polos responsables da xestión dos distintos programas orzamentarios e previamente á súa aprobación serán remitidas á Intervención Municipal para que emita o seu preceptivo informe de fiscalización

6.- Publicidade.- A convocatoria publicarase a través da *Base de Datos Nacional de Subvenciones* de conformidade cos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003.

7.- Solicitudes: As solicitudes formalizaranse nos impresos oficiais facilitados ós interesados polo Concello e se presentarán no Rexistro Xeral do mesmo debidamente cumprimentados.

8.- Prazo de presentación: Cada convocatoria indicará o prazo durante o cal se podan presentar solicitudes, que non poderá ser superior a un mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no B.O.P consonte o artigo 20.8.a) da Lei 38/2003.

Documentación: Os impresos e solicitudes deberán reflexar, como mínimo os seguintes datos:

- . Identificación do programa
- . Identificación do solicitante
- . Identificación do representante
- . Importe aproximado dos gastos a subvencionar.
- . Contía da axuda solicitada

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar, con indicación de data e lugar de realización, número de beneficiarios, presuposto da actividade coa expresión da finalidade prevista, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivos e fins concretos a que se destinarán as axudas. Calquera modificación dos datos que conteña a memoria deberá ser autorizada polo Concello.
- b) Número de inscrición no Rexistro Municipal, no seu caso.
- c) Certificación expedida polos organismos competentes que acredite estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Malpica, Axencia Tributaria e fronte a Seguridade Social.
- d) Código de Identificación fiscal da entidade.
- e) Documento Nacional de Identidade do representante da entidade ou asociación.
- f) Declaración xurada das axudas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público o privado.
- g) Certificación da conta bancaria a nome da asociación.

8.- Criterios de valoración.-

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

Para a determinación da contía de cada unha das axudas a conceder especificarase nas Bases da Convocatoria os criterios de valoración das mesmas, ponderando adecuadamente todos, ou algún dos seguintes factores:

- Carácter periódico e permanente das actividades obxecto da subvención.
- Interese das actividades.
- Número de beneficiarios, directa ou indirectamente.
- Colaboración co concello no desenvolvemento da actividades culturais, deportivas e de utilidade pública e interese social.
- Outras circunstancias previstas expresamente nas Bases da Convocatoria.

Os beneficiarios de subvencións Municipais estarán obrigados a poñer en coñecemento do Concello a concesión de outras axudas de organismos públicos para a mesma finalidade. En ningún caso o importe da axuda Municipal concedida poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas de outras administracións ou Entes Públicos, supere o custe da actividade a desenvolver polo beneficiario.

9.- O acordo de concesión da subvención publicarase no taboleiro de anuncios do Concello. Notificarase na forma prevista na Lei 30/1992, así como no taboleiro de anuncios do Concello.

VI. Subvencións nominativas.-

Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas que teñen asignación específica nos orzamentos municipais, con indicación expresa do seu beneficiario.

Teñen carácter de subvención directa, non suxeita ó réxime de concorrencia competitiva, non séndolle, polo tanto de aplicación, as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade a que se fai referencia na cláusula VI do presente capítulo.

Para a concesión directa de subvenciones será necesaria a realización previa dun convenio no que deberá indicarse o carácter singular e excepcional do obxecto, das razóns que xustifiquen o interese público, social, económico ou humanitario ou outras que xustifiquen a dificultade dunha convocatoria pública.

Estas subvenciones están suxeitas ao réxime de xustificación da utilización de fondos públicos.

VII. Subvencións directas de carácter excepcional.-

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

Excepcionalmente, poderanse outorgar subvencións directas (non suxeitas ós principios de publicidade e concorrência) cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria.

1.- Un tipo específico de subvención directa, son as axudas de emerxencia social. A tramitación será:

- Solicitud motivada da persoa interesada, dirixida ós servizos sociais do Concello.
- Informe dos servizos sociais, no que se valore a concorrência das circunstancias anteriormente mencionadas, e en concreto, a carencia de recursos do beneficiario.
- Si se establece con carácter prepagable, extremo que deberá ser motivado no informe de servizos sociais.
- Xustificación da aplicación da subvención á finalidade concedida.
- Nos restantes aspectos, estas axudas rexeranse pola normativa específica de servizos sociais.

VIII. Xustificación das subvencións concedidas.-

As subvencións que se concedan non poderán aplicarse a finalidades distintas de aquelas para as que foron outorgadas.

a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeneren gastos correntes xustificaranse mediante:

Facturas orixinais de gasto ou fotocopias debidamente compulsadas
Indicación expresa de que se realizou o fin para o que foi concedida.

b) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeneren gastos de inversión, xustificarán-se aportando os seguintes documentos:

1 Adquisición de bens de equipo: factura orixinal ou fotocopia compulsada.

2 Adquisición de bens inmobles: fotocopia compulsada de escritura pública e xustificantes de pago dos impostos correspondentes Indicación expresa de que se realizou o fin para o que foi concedida.

3 Execución de obras: certificación de obra subscrita polo técnico Colexiado competente e relación valorada. Se as obras se executan por administración a certificación de obra concretarase ó importe de execución material, non obstante poderá ser substituída a mesma por facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores. Se as obras se executan por contrata, a certificación de obra que poderá conter os gastos xenerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

c) No caso de premios literarios, ou concursos nos que os premios estean establecidos en metálico, a xustificación consistirá en :

1. Acta do xurado, onde se relacionen os premiados.
2. Recibíns asinados polos premiados, con indicación expresa do D.N.I.

d) No caso de tratase de subvencións destinadas ó funcionamento xeral dunha entidade, cando non sexa posible presentación de factura poderá acreditarse o gasto mediante:

1. Liquidación do Orzamento ou conta xeral ou Balance do exercicio inmediato anterior e co orzamento do propio exercicio das Entidades que recibiron subvencións, e ás que a presentación das facturas xustificativas non lles é posible polo tipo de actividade que realizan.
2. Indicación de que se destinou o fin para a que foi concedida.

O beneficiario da subvención acompañará relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para idéntica finalidade, no seu caso, a declaración de non ser beneficiarios de outras subvención públicas para a mesma finalidade

e) Excepcionalmente, poderán substituírse as facturas por tickets expedidos máquinas expendedoras ou recibos xustificativos do gasto, naqueles casos nos que o beneficiario da subvención xustifique a imposibilidade de presenta-la factura.

O prazo de presentación de xustificantes non poderá ser superior a tres meses, contados desde a data en que comunicara oficialmente a concesión da subvención. As Bases das Convocatorias específicas establecerán os supostos nos que o órgano concedente poderá ampliar os citados prazos a solicitude do interesado ou proposta razoada do responsable da execución do programa.

IX. Consecuencias da falta de presentación da documentación xustificativa en prazo.-

No caso de subvencións prepagables, a falta de presentación da documentación xustificativa en prazo, ou presentación de documentación incorrecta, inadecuada ou insuficiente, será posta de manifesto ó interesado para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a un mes, emende as deficiencias atopadas. transcorrido o cal sen recibirse esta procederase á incoación do expediente de reintegro. Este expediente poderá ser polo importe total, no caso de non xustificarse a realización de ningún gasto, de xustificarse inadecuadamente, ou, no caso de xustificarse algún gasto, non resulte suficientemente acreditada a realización da actividade. Tamén poderá ser parcial, no caso de que polo órgano competente se considere que queda

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

acreditada a realización da actividade, pero non se xustificaran gastos en contía que acade o importe ou porcentaxe subvencionado.

No caso de subvencións postpagables vencidos os prazos e prórrogas indicados neste punto sen que o beneficiario da subvención xustificara o cumprimento da finalidade que motivou o seu outorgamento, perderá o dereito á mesma e pola Alcaldía, a proposta do responsable do programa, procederase a anular o correspondente compromiso. Dita resolución será comunicada ó interesado e á Intervención para o seu adecuado reflexo contable.

X. Responsabilidade e réxime sancionador.-

1.- Os beneficiarios das subvencións outorgadas, virán obrigados a:

a) Realizar a actividade que fundamentou a concesión da subvención nos prazos sinalados nas Bases da convocatoria.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención.

2.- Os beneficiarios de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador que sobre infraccións administrativas establecen los artigos 52 de seguintes da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

XI. Procedemento de reintegro de subvencións.-

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación das mesmas nos termos contemplados nos artigos anteriores, e nas Bases da Convocatoria a que se refira a subvención, o Concello esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co seguintes procedemento:

1.- Incoación de oficio do mesmo mediante providencia de Alcaldía, en caso de delegación, previo informe da Unidade xestora correspondente, no que se acorde a apertura do expediente de reintegro da subvención.

2.- A notificación ás Entidades ou particulares interesados de dita Resolución, coa apertura do trámite de audiencia de quince días, a fin de que efectúen as alegacións que consideren pertinentes ou procedan a emendar as deficiencias observadas, co apercibimento de que, no caso de acordarse o reintegro da subvención, esixiráselle o interese de demora dende o momento do pagamento da mesma, de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2018

3.- O Presidente unha vez resoltas as alegacións presentadas ou transcorrido o prazo sen que se presentaran as mesmas polos interesados, ditará resolución acordando a procedencia ou non do reintegro e as demais actuacións que procedan.

4.- No caso de que se acorde o reintegro da subvención, este tramitarase a fin de que se faga efectivo, nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público, mediante resolución do Presidente.

XII. Procedemento de execución orzamentaria.-

Nas subvencións en réxime de concorrencia competitiva, as correspondencias entre a tramitación do procedemento de subvención e as fases de execución do gasto son as que de seguido se indican:

1.- Con carácter previo á aprobación das bases de convocatoria da subvención correspondente, expedirase a certificación de existencia de crédito adecuado e suficiente (Documento contable RC).

2.- A aprobación das bases de convocatoria da subvención realizarase simultaneamente á aprobación do gasto, xerando un Documento contable A (Autorización).

3.- O acordo de concesión a favor de unha persoa ou entidade concreta, implicará a expedición do documento D, de compromiso ou disposición, que será individualizado por cada un dos beneficiarios.

4.- Unha vez aportada e aprobada a documentación xustificativa de terse realizado o gasto, xerarase documento O (recoñecemento da obriga).

5.- No caso de que a subvención teña carácter de prepagable, no pagamento material da mesma especificarase a condición de “a xustificar”, co obxecto de facilitar o seu seguimento e control.

As subvencións nominativas, xerarán, unha vez entrado en vigor o orzamento municipal, o documento contable AD. Nas restantes fases, estarase ó disposto para as subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

Nas restantes subvencións directas, a fiscalización previa efectuarase ó mesmo tempo que a expedición do documento contable RC, onde se certifique a existencia de crédito. A aprobación da mesma, neste caso a favor dun terceiro concreto, xerará unha acumulación de fases, expedíndose o documento contable AD. Nas restantes fases, estarase ó disposto para as subvencións en réxime de concorrencia competitiva.

Asinado dixitalmente por Eduardo José Parga Veiga, alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)